

	 <b>Amigos da Terra</b>	<b>CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS</b>	
--	---	--	--

**Amigos da Terra**  
Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense  
Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020  
e-mail: info@amigosdterra.net

## ACTIVIDADES FORMATIVAS EN AS CORCERIZAS-PRIMAVERA 2011

Desde **Amigos da Terra** adiantámosvos o programa de cursos e outras accións formativas que levaremos a cabo nesta primavera. Cada curso será posteriormente convocado e detallado coa información precisa.

### 2-3 de abril Comunicación e Cooperación ao Desenvolvemento

Dirixido a asociacións e xornalistas, co obxectivo de mellorar na comunicación e proxección da problemática ecosocial, para poder transmitir á sociedade mensaxes claros, críticos e reflexivos. Levaremos a cabo este II curso en colaboración con AGARESO, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios.

### 8-10 de abril Seminario Estatal Cambio Climático e Biodiversidade

O tema central é analizar as consecuencias xa notorias do cambio climático na biodiversidade e tomar parte activa das posibles solucións desde o cambio de hábitos e modos de vida, ata a responsabilidade institucional e a nosa influencia desde a presión política e a denuncia. Contaremos con recoñecidos/as ponentes do mundo científico e excelentes comunicadores/as; está dirixido concretamente ao mundo universitario e en xeral a calquera persoa interesada.

### 15-17 abril A Educación Artística como Recurso Comunicativo e de Participación

Dirixido a monitores/as e directores/as de tempo libre, dentro do programa de formación da D.X. Xuventude.

### 7-8 y 14-15 de maio Aplicación da Interpretación do Patrimonio como Estratexia de Comunicación e Instrumento de Xestión

Temario en base a cursos adaptados á Cualificación Profesional “Interpretación e educación ambiental”, segundo o Real Decreto 1224/2009 de Reconocemento das competencias laborais.

### 4-5 de xuño Recursos prácticos de Educación Ambiental no Tempo Libre

A capacitación para a acción é o obxectivo destos cursos, dende as ferramentas e estratexias comunicativas máis eficaces ata os recursos educativos máis estimulantes como teatro, xogos e dinámicas, recursos audiovisuais, obradoiros, etc.

### 28-29 de maio Bioconstrucción: Monográfico sobre Barro

Ademais das nocións teóricas, principalmente aplicaremos na práctica revocos con barro sobre diferentes estructuras e materiais, e experimentaremos como construir con este material.

Despois deste monográfico continuaremos nos seguintes meses coa formación en bioconstrucción, cun Campo de Traballo do 15 ao 26 de xullo e un curso sobre rehabilitación e construcción con cal.

	 <b>Amigos da Terra</b>	<b>CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS</b>	
--	---	--	--

**Amigos da Terra**  
Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense  
Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020  
e-mail: info@amigosdaterra.net

### **12 de xuño Rastros de Fauna: Monográfico sobre Reptís**

O estudo e recoñecemento dos reptís proporcionaranos información do estado do medio, posto que estas especies son moi sensibles aos cambios dos ecosistemas, e sobre todo á contaminación.

A formación neste eido retomarase en outono, con novas xornadas monográficas